

LIBRO

A grella do Libro está composta por caixas de sorpresas literarias. Cada caixa ten máis dun regalo en forma de libros 2020, autoras e autoras, conversas, premios, tradución, banda deseñada, espectáculos familiares. Cada evento ten unha duración aproximada de 50 minutos; máis de vinte horas de retransmisión durante os días 28 e 29 de novembro con intermedios cheos de contido e intervencións. Manuel Rivas, Leticia Costas, Berta Dávila, Antón Patiño, Alberto Vázquez, Kiko da Silva, Elba Pedrosa, Suso de Toro, Miguelanxo Prado e moitas máis. A xornalista Esther Estévez, presentadora do espazo *Dígocho Eu* da TVG, condúcenos polo escenario libro na Culturgal 2020.

A canle do Espazo Libro, en cultur.gal

sábado 28 DE NOVEMBRO

11 h > Matinal coa Culturgal

A Pequena Compañía. Furabolos. De Carlos Labraña, Premio Estornela de teatro para nenos/as da Fundación Xosé Neira Vilas, e publicada en Edicións Embora. Con Mar Fiuza (Xoaniña), Carlos Labraña (Soldadiño) e Roberto Leal (Papón).

12:30 h > Xerais presenta... Leticia Costas


Conversa da xornalista Teresa Cuiñas coa escritora Leticia Costas coas novidades na serie *Os minimortos* e o libro *Vampira da Biblioteca*, Xerais. Unha das escritoras máis traducidas e recoñecidas da literatura galega, e os seus libros son constantemente reeditados. Entre os seus últimos títulos, *Vampira de biblioteca*, *A señorita Bubble baixo cero* e, dentro da serie *Os Minimortos: Benvidos ao Outro Barrio*.

14 h > Lampíricos de Antón Lopo. Fundación Uxío Novoneyra

O proxecto de Antón Lopo de poesía e corpo faise libro da man da Fundación Novoneyra. Co autor, con Uxío Novo (Fundación Uxío Novoneyra), con Anxos Sumai (prologuista) e Manolo Martínez (deseño).

16 h > Baía Editorial presenta...

Simboloxía máxica de Galicia de Bieito Romero. Ademais de en concerto con Luar na Lubre, Bieito Romero presenta na Culturgal esta recompilación, resultado da inquedanza, do interese, da observación e da curiosidade dun incansable buscador de tesouros simbólicos presentes entre nós dende tempo inmemorial. Unha longa andaina de centos de quilómetros e de achegamento aos máis insospeitados recunchos de Galicia en forma de libro. Presenta a editora Belén López Vázquez.





Entre Donas: que lles interesa contar ás nosas escritoras?

Ao redor do libro *Entre Donas, relatos de escritoras galegas actuais*, diversas en estilo narrativo, experiencias, recoñecemento e noutros moitos aspectos vitais, pero que coinciden en colocar as mulleres no centro da historia. Participan na Culturgal Marilar Aleixandre, Marica Campo, Rosalía Fernández Rial, Eli Ríos, Anxos Sumai e Antía Yáñez.

17:45 h > Soutomaior e San Simón: historias recuperadas

O Castelo de Soutomaior. Un lugar cheo de historias.


Diego Piay Augusto. Alvarellos Editora e Deputación de Pontevedra. Todos os castelos encerran historias, pero a do Castelo de Soutomaior é moi especial. Diego Piay Augusto é autor do libro que saíu á luz no verán de 2020. Co autor, o editor Henrique Alvarellos e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

Conversa da xornalista Teresa Cuiñas coa escritora Eva Mejuto e a ilustradora Bea Gregores sobre *A lavandeira de San Simón*. Xerais. A Illa de San Simón (Redondela) foi, durante a Guerra Civil, cadea e campo de concentración e as mulleres que axudaron, desinteresadamente, a facerlles máis soportable a condena levando comida e roupa limpa á illa.

19:30 h > Xerais presenta... Conversas: Manuel Rivas e Elba Pedrosa

A xornalista Teresa Cuiñas conversa co escritor Manuel Rivas sobre o libro *Zona a Defender. A esperanza indócil*. «Zona a Defender» foi unha denominación que se popularizou coa loita ecolóxica en Francia. O planeta debería ser por inteiro unha Zona a Defender.

A xornalista Teresa Cuiñas conversa con Elba Pedrosa, autora de *O que non sabías*. Marisa, muller afouta e tenaz, é a protagonista dunha novela que nos conduce por sentimentos confrontados que exploran vidas cotiás e os seus pasados, vidas nas que tamén se agochan inconfesables segredos familiares.



21 h > Morrer de poesía e outras historias dementes con Aldaolado e Bululú

Ninguén morreu de ler poesía de Aldaolado. Xerais. Os espectáculos poéticos de Lucía Aldao e María Lado parten da poesía, do humor e da música para comunicarse directamente co público a través dunha posta en escena transgresora e transformadora.

Entre historias. Editorial Bululú. Arantza Portabales e Susana Pedreira charlan ao redor de *Historias de Mentés*, da autoría da primeira delas. A través da narrativa breve, a autora neste libro céntrase na mente do ser humano e nas súas respostas no medio da excepcionalidade.

DOMINGO 29 DE NOVIEMBRE

11 h > Culturgal BD 2020

Conversa de Kiko da Silva con Alberto Vázquez e Martín Romero. Deputación da Coruña. Premios Castelao de Banda Deseñada. Kiko da Silva, membro do xurado e autor de BD, editor e director da Escola de Banda Deseñada e ilustración «O Garaxe Hermético», conversa con Alberto Vázquez, autor de *A Caza*, e Martín Romero, autor de *Uxío*.

Josefina Arruti Os berros da motocicleta de Kiko Dasilva e Pablo Prado. Concello de Pontevedra. Presentación da biografía en formato banda deseñada. Programa «A memo-

ria das mulleres» da Concellaría de Patrimonio e Memoria Histórica. Con Kiko Dasilva e o concelleiro Xaquín Moreda.

O pacto do letargo e Atelier Miguelanxo Prado. Miguelanxo Prado. Retranca Editora. O autor galego BD máis internacional presenta a súa última obra: un impactante thriller fantástico sobre a condición humana con mensaxe ecolóxica e ábrenos as portas do seu atelier.



13:15 h > **Culturgal 2020 en pandemia**

Pandemia de Slavoj Žizek, Galaxia. Co tradutor Carlos Aymerich e o editor Francisco Castro. O esloveno Žizek, un dos ensaístas e filósofos con máis protagonismo nesta primeira década de século, aborda os efectos da crise desatada pola pandemia de coronavirus.

Setenta ideas para a (post)pandemia. Catro Ventos. Sete persoas, unha folia en branco e dez puntos sobre os que reflexionar. Así comezou este proxecto. Con Fernando Ramallo (profesor de Lingüística na Universidade de Vigo), Francisco Sampedro (doutor en Filosofía) e Patricia Buxán (Catro Ventos Editora).

10 gráficos para contarmos a pandemia en Galicia. Praza Pública. As potencialidades do soporte dixital para achegar información comprensible sobre a COVID-19 á poboación de Galicia. Con David Lombao, director de Praza.gal.

Pangalaica, recortes poderosos de Xurxo Souto. Galaxia. Conversa do autor co editor Francisco Castro sobre o libro, que nace cando a pandemia paraliza a actividade cultural.

16 h > **Premios de Narrativa Cultura da Deputación de A Coruña**

Conversa do deputado de Cultura Xurxo Couto con Antón Riveiro Coello, autor de *O paraíso dos inocentes* (Galaxia), na que viaxa ao conflito de Siria, e con Alex Alonso, autor de *Granito* (Xerais), que reconstrúe o crime de Nigrán de 1994. Ambos, gañadores do XXXI Premio Torrente Ballester de Narrativa. Participan os editores Francisco Castro e Fran Alonso.

Xurxo Couto conversa tamén con Valentín Alvite, autor de *Antía e Daren* con ilustracións de Miguel Porto, Premio Raiña Lupa 2019 de Narrativa Infantil e Xuvenil e publicado por Xerais.

17:30 h > **Libros e lugares con Editorial Elvira, Cuarto de Inverno e Concello de Pontevedra**

Libro dos lugares 2 de Antón Patiño. Editorial Elvira. Co autor e o editor Xabier Romero.

Cuarto de Inverno ano 1. A editora Cuarto de Inverno fai balance do seu primeiro ano dando a coñecer os títulos publicados neste periodo e o proceso creativo e de produción que os levou até Culturgal. Cos editores Andrea Jamar-do Seijo e David Cortizo Conde.

III Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil. *Velloucas e minchas* de Lorena Conde. Concello de Pontevedra. Presentación coa autora, a concelleira de Cultura de Pontevedra Carme Fouces, a integrante do xurado Luz Gallego e a editorial Cuarto de Inverno desta obra protagonizada por tres anciás e dúas adolescentes.

19 h > **Xerais presenta... Suso de Toro e Manuel Esteban**

Conversa da xornalista Teresa Cuiñas con Suso de Toro ao redor de *Un señor elegante*. A familia Baltar atesoura un sorprendente patrimonio cultural e humano. Atraído polo insólito perfil dalgún dos seus membros, o escritor Suso de Toro realiza unha indagación para reconstruír a historia dunha familia que, en distintos momentos, protexe a Rosalía de Castro e Murguía e logo á familia Castelao ou a Dieste. Unha novela de investigación.

Conversa da xornalista Teresa Cuiñas con Manuel Esteban ao redor de *A venganza dos homes bos*. Dúas historias policiais separadas por vinte anos e dous mil quilómetros, pero unidas pola necesidade de redención.

20:30 h > **Galaxia presenta....**

Castelao un galego senlleiro. Presentación de Castelao. Tomo II con Miguel Anxo Seixas Seoane e Alba de Gloria coa ilustradora Ana Santiso.

Premios García Barros de Novela e Repsol de Narrativa Breve 2020. *Flores de ferro* de María Rei e *Illa Decepción* de Berta Dávila. As dúas autoras presentan as obras premiadas; Dávila tamén foi gañadora do Premio García Barros en 2019.